



Resolución do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais do proceso selectivo (Praza núm.2 - 2ªFASE).

En sesión que tivo lugar o 26 de novembro de 2025, o tribunal nomeado pola resolución do 11 de setembro do 2025 para valorar o proceso selectivo para a cobertura de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador/a distinguido/a, para persoal beneficiario dunha bolsa ERC no marco do programa Oportunius, dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida (praza núm. 2 - Resolución do 22 de maio de 2025, DOG núm. 110, do 11 de xuño), acordou outorgar á candidata Beatriz Orosa Puente (**2118**) **25 puntos** na segunda fase do proceso.

A puntuación total acadada pola candidata no conxunto do proceso de selección é de **98 puntos**.

Polo tanto, de acordo co establecido no artigo 14 das bases da convocatoria, o tribunal selecciona para a praza de investigador/a, na modalidade de investigador/a distinguido/a, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias da Vida, a Beatriz Orosa Puente (**2118*).

De acordo co mencionado no artigo 14.2, a candidata disporá de tres días hábiles para presentar alegacións. A súa estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe.

O secretario do Tribunal

Juan Carlos Porrúa Pardal

